



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

### ACTA Nº1/2026

#### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 12 DE XANEIRO DE 2026 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** ALFREDO DOVALE PEDREIRA

**ASISTEN:** PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

**AUSENCIAS:** PP

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

**SECRETARIA-INTERVENTORA:** MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2026” PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Polo Sr. Alcalde dase conta dos gastos extraordinarios correntes e de investimento previstos para o ano 2026 e que se pretenden incluír no POS+Adicional 1/2026 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Rematada a intervención do Sr. Alcalde, o Sr. Rego Baamonde manifesta “Deberíamos votar en contra por non chegar a tempo a documentación”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2026: 53.630,21 €

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026              | PREVISIÓN DE GASTOS 2026 | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|--------------------------------------------------|--------------------------|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------|
|                                                  | (A)                      | (B)                                              | (C=A-B)                                       | (D)                              | (E=C-D)                             |
| Gastos correntes                                 | 238.716,00 €             | 138.762,20 €                                     | 99.953,80 €                                   | 52.430,21 €                      | 47.523,59 €                         |
| Investimentos: Tipoloxía i                       |                          |                                                  | 0,00 €                                        |                                  | 0,00 €                              |
| Investimentos: Tipoloxía j                       | 1.200,00 €               |                                                  | 1.200,00 €                                    | 1.200,00 €                       | 0,00 €                              |
| <b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b> | <b>239.916,00 €</b>      | <b>138.762,20 €</b>                              | <b>101.153,80 €</b>                           | <b>53.630,21 €</b>               | <b>47.523,59 €</b>                  |

### IMPORTE SOLICITADOS

|                                                           |                    |
|-----------------------------------------------------------|--------------------|
| I. Importe solicitado para gastos correntes               | 53.430,21 €        |
| II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i    | 0,00 €             |
| III. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía j   | 1.200,00 €         |
| <b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)</b> | <b>53.630,21 €</b> |

SEGUNDO.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ás 20:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dña. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira